



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

**ORDENANZA NÚM: 1**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### ***Artigo 1. Natureza e fundamento***

1. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitos no termo municipal de Soutomaior, establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.

2. De conformidade cos artigos 60.1.a), 15.2 e 16.2 da citada Lei 39/1988 o Concello de Soutomaior acorda a imposición e ordenación deste, tributo segundo o disposto nos artigos 61 a 78 da mesma Lei, a Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, as normas que contén a presente Ordenanza, e restante normativa de aplicación

#### ***Artigo 2. Exencións***

Ademais das exencións previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 63 da Lei 39/1.988, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, estarán exentos os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a tres euros, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a 6 euros.

#### ***Artigo 3.-Tipo de gravame***

A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable, dos tipos de gravame seguintes:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana, o 0,45%.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica, o 0,30%.
- c) Para os bens inmobles de características especiais, o 1,3%.

#### ***Artigo 4.-Bonificacións***

Ademais da bonificación establecida no apartado 3 do artigo 74 da Lei 39/1988, de aplicación obrigatoria, establécense e regúlanse as seguintes:

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, sempre que así o solicite o interesado antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprendera dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

#### ***Artigo 5.-- Normas de Xestión***

As competencias de xestión, liquidación e recadación, así como as de revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán exercidas polo Organismo autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), nos termos establecidos no vixente Acordo de Delegación aprobado polo Pleno da Corporación.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

***DISPOSICIÓN FINAIS***

1.- No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario, e demais lexislación tributaria aplicable.

2.- A presente Ordenanza fiscal foi aprobada definitivamente na sesión de 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2004 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

APROBACION DEFINITIVA DA ORDENANZA: 30 de Outubro de 2003  
PUBLICACIÓN no B.O.P. : Núm. 216 do 7 de Novembro de 2003



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

**ORDENANZA NÚM: 2**

**ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

**Artigo 1º.**

De acordo co establecido nos art. 60.1 , 86 e 87 da Lei 39/88, modificada polo Real Decreto-Lei 4/90 e polas Leis 6/91 e 22/93 e disposicións reglamentarias que as desenrolan, este imposto será de esixencia obrigatoria neste municipio, sendo as cotas mínimas as establecidas polo Goberno, mediante Real Decreto Lexislativo 1175/90 e as sucesivas Leis de Presupostos Xerais do Estado.

**Artigo 2º.**

En aplicación do artigo 88 da citada Lei, neste término municipal as cotas ás que se refire o artigo anterior, serán determinadas mediante aplicación do coeficiente único 1.

**Artigo 3º**

En aplicación do artigo 89 da repetida Lei, para determina-la cota final esixible ás actividades, considerando a situación física dentro do término municipal do establecemento onde se desenrolen, establécese a escala seguinte:

<b><u>RÚAS</u></b>	<b><u>ÍNDICE APLICABLE</u></b>
Avda. Castelao, r/ Roxelio Landeiro, Avda. Xosé Solla, r/ Calvario, r/ Rosalia de Castro, Estrada Soutomaior, e r/ Alexandre Bóveda	.....0,7 %
Resto do término municipal	.....0,6 %

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 1994, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

**ORDENANZA NÚM. 3 :**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

**Artigo 1º. NATUREZA**

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.2 e 59 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da reguladora das facendas locais, este Concello establece o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

2. A natureza do tributo, a configuración do feito impositivo, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na subsección cuarta da sección terceira do capítulo segundo do título II da citado texto refundido da lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 15.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Soutomaior procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que, segundo a Lei, debe regular a corporación local.

**ARTIGO 2. SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei xeral tributaria a cuxo nome figure o vehículo no permiso de circulación.

2. Excepcionalmente terá a condición de suxeito pasivo do Imposto quen figure no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico como posuidor, como consecuencia da comunicación da transferencia do vehículo realizada polo transmitinte e aínda que non estivesen cubertos todos os trámites a cargo do adquirente.

**ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

1. Estarán exentos os vehículos que dispón o artigo 93 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Os vehículos históricos ou todos aqueles que teñan unha antigüidade superior a vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, obterán unha bonificación do 100 por 100 da cota do Imposto. Se non se puidese acreditar a data de fabricación o prazo contarase desde a primeira matriculación ou, no seu defecto, desde a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Esta exención terá carácter rogado e deberá solicitarse, acreditando a que se sinala neste parágrafo, como máximo no prazo dun mes contado desde o remate do período de exposición pública do Padrón do imposto referido ao ano da súa aplicación.

3. Xunto coa solicitude de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do RDL 2/2004, os minusválidos ou discapacitados que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

a) Vehículo conducido por persoas con discapacidade:



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.

Permiso de conducción (anverso y reverso).

Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.

Póliza do seguro do vehículo no que figure a persoa minusválida como conductor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.

Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

b) Vehículos destinados ao transporte de minusválidos.

- Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao de minusvalía o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo.

- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención a nome do minusválido.

- Póliza do seguro do vehículo a nome do minusválido, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

- DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.

- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

4.- Terán unha bonificación do 75% na cota do imposto, os vehículos eléctricos, de biodiésel ou movidos por hidróxeno, así como os demais vehículos respectuosos có medio ambiente, durante cinco anos naturais, contados dende a data da primeira matriculación.

5. A concesión de beneficios fiscais no Imposto de vehículos de tracción mecánica, a instancia dos suxeitos pasivos, producirá os seus efectos no exercicio seguinte a aquel no que se presente a solicitude.

**ARTIGO 4 COTA TRIBUTARIA**

O imposto esixirase conforme ao seguinte cadro de tarifas:

CONCEPTO	COTA
<u>TURISMOS:</u>	
De menos de 8 cabalos fiscais .....	15,14 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais .....	40,90 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais .....	86,33 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais .....	107,53 €
De 20 cabalos fiscais en adiante.....	134,40 €
<u>AUTOBUSES:</u>	
De menos de 21 prazas .....	99,96 €
De 21 a 50 prazas .....	142,37 €
De máis de 50 prazas .....	177,96 €
<u>CAMIÓNS:</u>	
De menos de 1000kg. De carga útil .....	50,74 €



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

De 1000Kg. A 2999kg. De carga útil .....	99,96 €
De 2999kg. A 9999kg. De carga útil .....	142,37 €
De máis de 9999kg. De carga útil .....	177,96 €

TRACTORES:

De menos de 16 cabalos fiscais .....	21,20 €
De 16 a 25 cabalos fiscais .....	33,32 €
De mais de 25 cabalos fiscais .....	99,96 €

REMOLQUES:

De menos de 1000kg. De carga útil .....	21,20 €
De 1000 a 2999kg. De carga útil .....	33,32 €
De máis de 2999kg. De carga útil .....	99,96 €

OUTROS VEHÍCULOS:

Ciclomotores .....	5,30 €
Motocicletas ata 125 CC .....	5,30 €
Motocicletas de mais de 125 ata 250 .....	9,08 €
Motocicletas de mais de 250 ata 500 .....	18,18 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 .....	36,35 €
Motocicletas de máis de 1000CC .....	72,70 €

Para a aplicación da tarifa anterior terase en conta as seguintes regras:

-O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido na Orde de 16 de xullo de 1984.

-Entenderase por furgoneta o resultado de adaptar un vehículo turismo ao transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo do que se deriva.

-Os motocarros terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto tributarán por cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 kg, neste caso tributará como camión.

-Nos casos nos que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para PTMA ( peso técnico máximo autorizado) e PMA (peso máximo autorizado) respectivamente, aplicarase par os efectos de tarifa o valor que corresponda ao PMA indicador do maior peso en carga co que se permite a circulación, de conformidade co indicado no código da circulación.

**ARTIGO 5. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. As competencias de xestión. liquidación e recadación, así como as de revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán exercidas polo Organismo autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), nos termos establecidos no vixente Acordo de Delegación aprobado polo Pleno da Corporación.

2. O instrumento acreditativo do pago deste imposto será a carta de pago debidamente dilixenciada de que produciu o ingreso da cota na Tesourería municipal ou nalgunha entidade colaboradora para a xestión de tributos.

3. Para solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, o interesado deberá acreditar previamente o pagamento do imposto mediante a presentación do instrumento acreditativo mencionado no número anterior.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pago da cotas anuais realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.

5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou polo seu representante, salvo que se modifícase o consignado nos mesmos.

6. A devolución das cotas trimestrais ás que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

**DISPOSICION DERROGATORIA**

Queda derogada a Ordenanza reguladora do imposto municipal sobre circulación de vehículos aprobada polo Pleno do Concello o 20 de Outubro de 1987.

**DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza, foi aprobada por acordo do Concello Pleno do 14 de outubro de 2004 e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2005. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA DA ORDENANZA: 14 de Outubro de 2004

PUBLICACIÓN no B.O.P. : Núm. 245 do 22 de Decembro de 2004

MODIFICACION DA ORDENANZA: 2 de Novembro de 2006

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA: 31 de Xaneiro de 2008

PUBLICACIÓN DA ORDENANZA: B.O.P.: Núm. 50 do 11 de Marzo de 2008

Soutomaior a 13 de Marzo de 2008

O ALCALDE,



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

## ORDENANZA NÚM.:4

### ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

#### Artigo 1º.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible o imposto a realización, dentro do término municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior, poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases, de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñación de rasantes.
- e) Obras de fontanería e alcantarillado.
- f) Obras en cemiterios.
- g) Calquera outras construción, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística.

#### Artigo 2º.-SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Leio Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras, sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerase contribuínte a quen obste a condición de dono da obra.

2.-Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

#### Artigo 3º.-BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1.-A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Non forman parte da Base Imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais ou beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material

2.- A cota deste imposto sera o resultado de aplicar o tipo de gravame

3.- O tipo de gravame será:

- Para presupostos de ata 90.152 € ..... 2,00%
- Para presupostos de mais de 90.152€. ....2,80%

4.-O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

#### Artigo 4.-XESTIÓN

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado para o efecto pola administración municipal, efectuando pago previamente á retirada da licenza concedida, na Caixa do Concello ou en calquera entidade autorizada, en en todo caso, dentro do prazo máximo de dez días, contado a partir do mesmo momento en que lle fora notificada a concesión da licenza.
3. A autoliquidación presentada terá por carácter provisional, determinándose a base impositiva do tributo en función do orzamento aportado polos/as interesados, sempre que este estivese visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base impositiva, será determinada polos técnicos municipais, de acordo do custo estimado do proxecto segundo os módulos contados no anexo á presente ordenanza.
4. En caso de incumprimento da obriga de presentar autoliquidación ou da de solicita-la preceptiva licenza ou se esta fose denegada e se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva en función dos módulos que se achegan como anexos a esta ordenanza.
5. Á vista das construcións, instalacións e obras, efectivamente realizadas e do custo real efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar
- No seu caso, a base impositiva, de acordo cos módulos do anexo desta ordenanza, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

**Artigo 5º.-INSPECCIÓN E RECADACIÓN**

A inspección e recadación do imposto levarase a cabo de acordo có previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións citadas para o seu desenvolvemento.

**Artigo 6º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Anexo "Listado de prezos medios para obras de nova planta e reforma" que se recolle a continuación:

**OBRAS MENORES:**

Nº de orde	Descrición	Prezo
1	M2. de substitución de carpintería	48,00 €
2	Ud. de porta de madeira	78,00 €
3	M2. de reposición de cristais	12,00 €
4	M2. de reparación e reposición de materiais de cubrición	18,00 €
5	M2. de sollado de terrazo	12,00 €
6	M2. de sollado de cemento	6,00 €
7	M2. de sollado de parqué	18,00 €
8	Ml. de rodapé	2,00 €
9	M2. de encintado	1,00 €
10	M2. de limpeza de paredes de pedra	3,00 €
11	M2. de pintura interior	2,00 €
12	M2. de pintura de fachadas	8,00 €
13	M2. de azulexado	12,00 €
14	M2. de reboque	7,00 €
15	M2. de falso teito	10,00 €



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

16	M2. de mampara	54,00 €
17	M2. de impermeabilización	4,00 €
18	Ml. de baixante	11,00 €
19	M2. de tabique de ladrillo oco dobre enfoscado 2 caras	20,00 €
20	M2. de cámara de aire	12,00 €
21	M2. de reixas de seguridade	60,00 €
22	M2. de picado de cales	3,00 €
23	M2. de limpeza ou roza de tereos	2,00 €
24	M3. de excavación	3,00 €
25	Ud. de punto de luz ou enchufe	14,00 €
26	Ud. de fosa séptica	337,00 €
27	Ud. de pozo de auga	902,00 €
28	Ud. de lápida	180,00 €
29	M2. de construción de escaleira	36,00 €
30	M2. de apertura de oco en paredes	6,00 €
31	Ud. de bañeira	72,00 €
32	Ud. de lavabo	72,00 €
33	Ud. de bidé	72,00 €
34	Ud. de inodoro	72,00 €
35	Ud. de substitución de tódolos sanitarios	264,00 €
36	Ud. de construción de cuarto de baño	595,00 €

**VARIOS**

37	M2. de toldo	60,00 €
38	M2. de marquesina	180,00 €
39	Ml. de cala	30,00 €
40	M2. de entrada de carruaxes	18,00 €
41	M2. de rótulo opaco sainte	270,00 €
42	M2. de rótulo opaco adosado	210,00 €
43	M2. de rótulo luminoso sainte	361,00 €
44	M2. de rótulo luminoso adosado	331,00 €
45	M2. de carteleira publicitaria	27,00 €
46	Ud. de instalación de grúa	601,00 €

**MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN:**

47	M2. de vivenda unifamiliar no rural (núcleo)	475,00 €
48	M2. de vivenda unifamiliar urbana	475,00 €
49	M2. de edificio vivendas V.P.O.	319,00 €
50	M2. de edificio vivendas libres	541,00 €
51	M2. de nave industrial	116,00 €
52	M2. de sotos e locais comerciais sen acondicionar	180,00 €
53	M2. de piscinas descubertas	245,00 €
54	M2. de porches e terrazas abertas	132,00 €
55	M2. de depósitos de gas	180,00 €
56	M2. de áreas deportivas, cámpings e xardíns	59,00 €
57	M2. de reforma interior de acabados e instalacións en locais comerciais	150,00 €
58	M2. de reforma interior integral de locais comerciais	361,00 €
59	M2. de reforma interior de acabados en vivendas	85,00 €
60	M2. de reforma interior de acabados e instalacións en vivendas	135,00 €
61	M2. de reforma interior integral en vivendas con demoición de tabiques	315,00 €



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
(Pontevedra)

62	M2. de reforma integral en vivendas conservando só fachadas	475,00 €
----	---	----------

**PECHES (ata 1,80 m. de altura):**

63	Ml. de aramado con postes	21,00 €
64	M2. de bloques de formigón	34,00 €
65	M2. de pedra	108,00 €

**MUROS DE CONTENCIÓN:**

66	M2. de muro de contención de formigón armado	126,00 €
67	M2. de muro de contención de mampostería ciclópea	160,00 €

**GALPÓNS:**

68	M2. de construción de galpón de bloque enfoscado e uralita	102,00 €
69	M2. de construción de galpón de pedra e tella	102,00 €
70	M2. de demoición de muros	48,00 €

**Artigo 7º.-BONIFICACIÓNS**

Establécese unha bonificación do 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación co voto da maioría simple dos seus membros.

As bonificacións previstas neste artigo existirán:

- Solicitudes do interesado.
- A xustificación do especial interese ou utilidade municipal, que se fará constar mediante memoria anexa á solicitude, e sobre o que informarán os servizos municipais correspondentes.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A modificación dos artigos 3 e 4 foron aprobados polo Pleno do Concello na súa sesión de data 30 de Outubro de 2003 e entrarán en vigor o día que se publique a súa tarifa modificada no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2004 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A modificación do artigo 4 e a inclusión do Anexo " Listado de prezos medios para obras de nova planta e reforma" foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 31 de marzo de 2005 e entrará en vigor e comezará a aplicarse o día da súa publicación no BOP (25/06/05), permanecendo en vigor ata á sua modificación ou derogación expresa.

A modificación do artigo 7 foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 29 de setembro de 2005 e entrará en vigor o día que se publique a súa tarifa modificadas no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partires do día 1 de xaneiro de 2006 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

APROBACIÓN DEFINITIVA: 29 de Setembro de 1989

PUBLICACIÓN NO BOP núm. 283 de 5 de Decembro de 1989.